



CONCELLO DE CEDEIRA (A Coruña)

Teléfono: 981480000 - Fax: 981482506

C.I.F.: P-1502200-G

CONVOCATORIA

Vista a relación de expedientes concluídos posta a disposición desta Alcaldía pola Secretaría Xeral con data 16 de xullo de 2020, a efectos da súa inclusión na orde do día da sesión ordinaria que a Xunta de Goberno Local realizará o día 17 de xullo de 2020.

Visto o novo apartado 3 engadido ó artigo 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local pola Disposición final segunda do Real Decreto-leí 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ó COVID-19, publicado no BOE nº 91 de 1 de abril de 2020, e que entra en vigor ó día seguinte ao da súa publicación, que dí:

«3. En todo caso, cando concorran situacións excepcionais de forza maior, de grave risco colectivo, ou catástrofes públicas que impidan ou dificulten de maneira desproporcionada o normal funcionamento do réxime presencial das sesións dos órganos colexiados das Entidades Locais, estes poderán, apreciada a concorrencia da situación descrita polo Alcalde ou Presidente ou quen validamente lles substitúa para o efecto da convocatoria de acordo coa normativa vixente, constituírse, celebrar sesións e adoptar acordos a distancia por medios electrónicos e telemáticos, sempre que os seus membros participantes se atopen en territorio español e quede acreditada a súa identidade. Así mesmo, deberase asegurar a comunicación entre eles en tempo real durante a sesión, dispoñéndose os medios necesarios para garantir o carácter público ou secreto das mesmas segundo proceda legalmente en cada caso. Para os efectos anteriores, considéranse medios electrónicos válidos as audioconferencias, videoconferencias, ou outros sistemas tecnolóxicos ou audiovisuais que garantan adecuadamente a seguridade tecnolóxica, a efectiva participación política dos seus membros, a validez do debate e votación dos acordos que se adopten».

Visto canto antecede, no uso das facultades que me están conferidas ao abeiro do establecido no artigo 21.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, mediante o presente escrito convócaselle á sesión ordinaria que a Xunta de Goberno Local realizará por medios telemáticos (videoconferencia) o próximo día 17 de xullo de 2020 ás 13:45 horas, en primeira convocatoria, e procederase en segunda de acordo co estipulado no artigo 113.1.c) do R.O.F., coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DE DATA 03.07.2020.
2. BAIXA LIXO NON HABITABLE Nº 60.2019
3. APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DE AXUDAS PARA O IMPULSO DA ACTIVIDADE ECONÓMICA NO TERMO MUNICIPAL DE CEDEIRA, PARA PALIAR OS EFECTOS DO COVID-19
4. APROBACIÓN XUSTIFICACIÓN FINAL 2020 DA ASOCIACIÓN ESCOLA DE MÚSICA VILA DE CEDEIRA
5. APROBACIÓN DO EXPTE. DE CONTRATACIÓN DE SUBMINISTRO DE LÁMPADAS LED EN A BOUZA, PURREI, ARDEÓN E OUTROS. POS+2019
6. APROBACIÓN DO EXPTE. DE CONTRATACIÓN DE REHABILITACIÓN DE CASA AVELINO PARA DEPENDENCIAS ADMINISTRATIVAS



CONCELLO DE CEDEIRA (A Coruña)

Teléfono: 981480000 - Fax: 981482506

C.I.F.: P-1502200-G

7. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 329/2020 DE DATA 02.07.2020 DE MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN NÚM. 321 POLO QUE SE APROBAN AS BASES PARA A SELECCIÓN DOS PARTICIPANTES NO CAMPAMENTO URBANO DE CEDEIRA PARA O VERÁN 2020

8. ASUNTOS VARIOS

A partir desta data ten Vde. á súa disposición, na Secretaría desta Corporación, os antecedentes relacionados cos asuntos que figuran na orde do día.

O Alcalde Accidental
Manuel Pérez Riola